



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2026/G003/000093

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Aprobación das bases reguladoras do Concurso de disfraces do Entroido en Sada 2026 a celebrar o martes 17 de febreiro)

### ANTECEDENTES

1. Providencia de inicio, de data 09.01.2026 para organizar un concurso de disfraces dentro do Entroido en Sada 2026.
2. Liña de subvencións 3.3 incluída no PES 2024-2026 e que recolle a previsión de re
3. Proposta de bases reguladoras específicas para a edición 2026.
4. Informe-proposta da unidade proponente, onde se fundamenta a proposta e analiza a súa viabilidade.
5. Certificado de existencia de crédito, do 16.01.2026.
6. Informe de fiscalización da Intervención Municipal, do 03.02.2026, no que se fiscaliza de conformidade o expediente.

Por todo canto antecede, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións,

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Convocar a liña de subvencións LS 3.3 do PES 2024-2026, denominada «Concurso de disfraces e carrozas do Entroido en Sada», con carácter específico para o ano 2026, en réxime de concorrencia competitiva, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.48000 do Orzamento Municipal. A convocatoria presenta o seguinte contido:

- O obxecto é o de organizar un concurso e premiar a participación popular na celebración do Entroido, fomentando a implicación da poboación na vida social e cultural e na conservación das tradicións culturais.
- As bases reguladoras aprobaranse conxuntamente coa convocatoria e serán publicadas na web municipal ([sada.gal](https://sede.sada.gal)) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica ([sede.sada.gal](https://sede.sada.gal)).
- Destínase o importe máximo de 5.850,00 euros para financiar esta convocatoria, imputables á aplicación orzamentaria 3340.48000 con cargo ao Orzamento 2026. A concesión de axudas realizarase polo réxime de concorrencia competitiva, con intervención dun xurado que valorará os disfraces concursantes.
- A inscrición realizarase mediante un formulario dixital aloxado na páxina web municipal, con prazo de inscrición dende o día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e ata o día 15 de febreiro de 2026.
- Os requisitos para poder ser beneficiaria son os que se recollen na base reguladora 2.
- Os criterios de valoración descríbense na base reguladora 6, xunto coa composición do xurado que haberá de valorar os disfraces presentados a concurso.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

- As persoas beneficiarias dos premios deberán presentar a documentación xustificativa que se describe na base reguladora 8. A unidade proponente facilitará os modelos necesarios para xestionar os premios colectivos.
- Désígnase para a instrución do procedemento a área de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte, a través do persoal asignado á Oficina Municipal de Información Xuvenil.
- O órgano competente para resolver será a alcaldía.

**Segundo.-** aprobar as bases reguladoras específicas conxuntamente con esta convocatoria.

**Terceiro.-** autorizar o gasto total por un importe máximo de 5.850 euros, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 3340.48000 do Orzamento Municipal 2026.

**Cuarto.-** publicar a convocatoria e as bases reguladoras na Base de Datos Nacional de Subvencións, segundo indican os artigos 18, 20 e 23 da Lei 38/2003, de 17 de outubro, xeral de subvencións. Ademais, a publicidade adaptárase ao nivel local a través da publicación das bases específicas e do extracto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal, co texto que segue:

## « BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO EN SADA 2026

### 1. EN QUE CONSISTE A PROPOSTA?

Para celebrar o Entroido en Sada a Concellería de Cultura e Normalización Lingüística propón organizar un concurso de disfraces o martes 17 de febreiro, dentro da programación do *Entroido en Sada 2026*. O concurso constará dunha fase de desfile de rúa e unha fase final de exhibición en escenario, cun reparto final de premios por categorías.

O concurso de disfraces e carrozas do Entroido en Sada ten como finalidade o desenvolvemento cultural e o fomento da participación comunitaria na celebración dunha tradición arraigada, como é o Entroido. Está recollido como liña de subvención LS 3.3 no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Sada para o período 2024-2026, co obxecto de fomentar a participación popular na celebración e conservación das tradicionais festas do Entroido.

A edición 2026 rexeráse por estas bases reguladoras.

### 2. QUEN PODE PARTICIPAR?

- 2.1. Poderán participar todas aquelas persoas e colectivos que o desexen, sen límite de idade.
- 2.2. As persoas concursantes deberán desfilar polas rúas do centro urbano de Sada, segundo o percorrido que proporá a organización, amosando os seus disfraces ao público e ao xurado, exhibindo as coreografías e a animación musical que acompañen a súa proposta.
- 2.3. O concurso organízase en 3 categorías: MINI, GRUPOS, CARROZAS, repartindo 3 premios en cada unha delas.

### 3. COMO ME PODO INSCRIBIR?

- 3.1. Poderás inscribirte (ou inscribir ao teu grupo) cubrindo un formulario en liña no que se recollerán os datos necesarios, como título do disfraz, número de compoñentes, a categoría, a temática dos disfraces ou os datos da persoa que actúa como representante, entre outros.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

- 3.2. O formulario estará dispoñible na páxina web municipal ([www.sada.gal](http://www.sada.gal)) e cubrirase e enviarase directamente en liña dende a web.
- 3.3. Nos casos dos disfraces colectivos, no propio formulario de inscrición deberás facilitar os datos de **ata un máximo de 10 participantes** do grupo e designar a un deles como representante para a xestión do cobro dos posibles premios que poidades gañar. A persoa que designedes como responsable, no caso de resultar premiados, deberá presentar un certificado bancario da conta para realizar o ingreso dos importes.
- 3.4. No caso de participación de persoas menores de idade, no formulario deberá declararse responsablemente que se obterá a autorización dos seus responsables legais (nai/pai/titor).
- 3.5. As formacións que vaian a empregar música de acompañamento durante o desfile deberán comunicalo a través do formulario e deberán aportar **os seus propios equipos de amplificación** ou os instrumentos necesarios.

#### 4. QUE PRAZO TEÑO PARA INSCRIBIRME?

- O prazo de inscrición abrirase o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Toda a información relacionada co concurso publicárase na páxina web municipal ([www.sada.gal](http://www.sada.gal)).
- O prazo de inscrición finalizará o domingo 15 de febreiro de 2026 ás 23:59h.

#### 5. EN QUE CONSISTE O CONCURSO?

- 5.1. As persoas e grupos inscritas no concurso de disfraces achegaranse ao punto de inicio do desfile, que será anunciado con anterioridade pola organización a través da web [www.sada.gal](http://www.sada.gal) e dos perfís municipais nas redes sociais ([www.facebook.com/concellosada](https://www.facebook.com/concellosada) e [www.instagram.com/concellosada](https://www.instagram.com/concellosada)).
- 5.2. Concursarase nunha destas 3 categorías:
  - MINI (ata 4 compoñentes)
  - GRUPAL (grupos de persoas disfrazadas coa mesma temática, cun mínimo de 5 compoñentes).
  - CARROZAS (agrupacións con disfraces dunha mesma temática que incluírán vehículos e/ou plataformas móbiles autopropulsadas ou remolcadas, adornadas conforme á temática escollida polo grupo de participantes e relacionadas cos seus disfraces).

En cada categoría outorgaranse 3 premios que serán detallados no punto 7 destas bases. Cada participante poderá concursar nunha única categoría.

- 5.3. Para participar no concurso será necesario realizar o desfile para amosar os disfraces coa súa posta en escena, realizar as posibles coreografías, bailes ou cancións preparadas, así como interactuar co público asistente.
- 5.4. Durante o desfile, o xurado do concurso valorará os disfraces ao longo do percorrido, fixándose na posta en escena en xeral e na animación festiva dos participantes.
- 5.5. Á finalización do desfile haberá unha fase de exhibición sobre escenario, **cun tempo máximo de 5 minutos por participante**, nos que poderán exhibir os disfraces, as coreografías ou as cancións que teñan preparadas.
- 5.6. O xurado disporá de todo o tempo do desfile, representación e exhibición sobre o escenario para realizar a valoración dos disfraces concursantes.
- 5.7. O resultado das votacións farase público directamente á finalización da representación e exhibición no escenario, unha vez obtido o resultado das puntuacións recollidas nas táboas de valoración do xurado.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## 6. QUEN SERÁ O XURADO E QUE VAI VALORAR?

6.1. O xurado estará composto por persoas vinculadas á área de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte do Concello de Sada, sendo neste caso:

- O Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística
- A Técnica en Animación Sociocultural
- O Animador Sociocultural
- O Coordinador de Actividades Xuvenís

A alcaldía, a proposta da unidade proponente, poderá modificar a composición do xurado, publicando o nomeamento na páxina web municipal para público coñecemento.

6.2. O xurado puntuará de 0 a 4 puntos os diferentes criterios, que se puntuarán conforme a seguinte escala de valores:

ESCALA	PUNTUACIÓN
Criterio non conseguido	0 puntos
Criterio conseguido de forma escasa	1 punto
Criterio conseguido de forma suficiente	2 puntos
Criterio conseguido de forma notable	3 puntos
Criterio conseguido de forma extraordinaria	4 puntos

CRITERIOS PARA CATEGORÍAS MINI E GRUPAL	
CRITERIO	ASPECTOS AVALIABLES (puntuación de 0 a 4 puntos en cada criterio)
ORIXINALIDADE	Grao de creatividade do disfrace Capacidade de sorpresa e singularidade na elección e deseño
CONFECCIÓN DO DISFRACE	Grao de habilidade na confección do disfrace Grao de detalle empregado Número e calidade das técnicas e materiais empregados Grao de elaboración propia/artesanal
MAQUILLAXE E ACCESORIOS	Destreza na elaboración dunha maquillaxe acorde ao disfrace Inclusión de accesorios e atrezzo que acompañen e aporten realce ao disfrace



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

POSTA EN ESCENA	Grao de espectacularidade na escenificación do disfrace Capacidade para encarnar e representar o disfrace de forma efectiva Grado de expresividade e de actitude empregada Existencia de coreografía, apoio sonoro, letras satíricas
IMPACTO VISUAL	Grao de impacto xerado no espectador, atendendo á visión de conxunto do disfrace Reacción e resposta provocada no público

CRITERIOS PARA CATEGORÍA CARROZAS	
CRITERIO	ASPECTOS AVALIABLES (puntuación de 0 a 4 puntos en cada criterio)
ORIXINALIDADE DA TEMÁTICA	Grao de creatividade, capacidade de sorpresa e singularidade na elección e deseño da carroza
IMPACTO VISUAL	Grao de impacto xerado no espectador atendendo á visión xeral da carroza, considerando a estética, orixinalidade e os detalles incorporados
MÚSICA E COREOGRAFÍA	Grao de idoneidade na elección da música que mellor acompañe a temática do disfrace Nivel de espectacularidade da coreografía Grao en que a coreografía dinamiza o desfile e realza a exhibición do disfrace
ACTITUDE E PARTICIPACIÓN	Grao de participación activa dos compoñentes Grao de coordinación e de traballo en equipo Nivel de entusiasmo na presentación da temática da carroza durante o desfile e a exhibición
DISFRACE E ACCESORIOS	Grao de habilidade no deseño dos disfraces e accesorios que mellor acompañen a temática da carroza Grao de elaboración propia/artesanal

6.3 O xurado valorará os disfraces durante o seu paso polo percorrido do desfile, representación e exhibición sobre o escenario.

6.4. O xurado poderá descartar do concurso a aqueles participantes que exhiban condutas que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou ofensivas, tanto cara o público como cara a organización, entendendo por isto as condutas que violenten a dignidade doutras persoas, alén do marco de irreverencia e transgresión festiva propios do Entroido.

6.5. O xurado sumará a puntuación obtida en todos os apartados valorados até obter un resultado numérico da participación dos concursantes en cada categoría.

6.6. O xurado, previa xustificación, poderá declarar desertos algún ou todos os premios a conceder.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## 7. PREMIOS

Os premios outorgaranse segundo as puntuacións totais obtidas, despois da suma das valoracións parciais de cada compoñente do xurado.

Haberá 3 premios en metálico por cada categoría:

PREMIOS	MINI	GRUPAL	CARROZ AS <sup>1</sup>
1º PREMIO	300 €	600 €	1.000 €
2º PREMIO	200 €	450 €	800 €
3º PREMIO	100 €	300 €	600 €

Os premios daranse a coñecer ao remate do desfile. As persoas e colectivos que resulten premiados deberán aportar a documentación necesaria para o cobro do importe que corresponda.

<sup>1</sup> Na categoría de CARROZAS establécese unha compensación económica específica, co obxecto de minorar os custos derivados do combustible dos vehículos tractores, os gastos de desprazamento e o posible aluguer de plataformas remolcadas, coas seguintes condicións:

- Opción 1: cada carroza participante recibirá unha contía fixa de 250€ por este concepto, sempre e cando cumpran co requisito de empregar **un vehículo de tracción a motor e unha plataforma remolcada**.
- Opción 2: as carrozas que decoren unicamente un vehículo pero non equipen plataformas de remolque, ou ben empreguen plataformas pero non necesiten vehículo a motor para a súa mobilidade, percibirán unicamente un máximo de 100€ por este concepto.
- **Os importes de compensación non son acumulables.** No caso de presentar varias unidades ou tipoloxías variadas de carroza bonificarase unicamente unha delas, que será a de maior importe de compensación das 2 opcións descritas.
- Establécese un orzamento máximo de 1.500€ para esta compensación. No caso de superar o importe máximo establecido repartirase de xeito proporcional entre o número de carrozas participantes.

## 8. AVISO SOBRE FISCALIDADE:

Os importes correspondentes aos premios das categorías GRUPAL e CARROZAS poderían estar suxeitos a retencións fiscais, polo que se tomarán as medidas seguintes:

**BENEFICIARIAS:** o premio imputarase a efectos fiscais entre as persoas beneficiarias. Entenderase que o premio será repartido equitativamente entre varias das persoas integrantes do grupo ou da carroza, **ata un máximo de 10**.

**DOCUMENTACIÓN:** cada grupo/carroza premiada deberá designar a un máximo de 10 persoas como beneficiarias **aos efectos fiscais** e designar a unha delas como representante para o cobro do premio. A persoa designada como representante deberá presentar un certificado de conta bancaria do que sexa titular, para poder xestionar a transferencia dos premios. A organización facilitará os modelos de designación necesarios.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

**MENORES DE IDADE:** os menores de idade que resulten premiados nalguna categoría deberán presentar o seu DNI para a tramitación do premio. No caso de que aínda non dispoñan do documento serán as nais/pais/titores as que constarán como beneficiarias do premio.

## 9. PARA QUE SE USARÁN OS MEUS DATOS?

Para participar neste concurso é necesario presentar unha folla de inscrición con certos datos persoais. A finalidade do tratamento destes datos é unicamente a realización das xestións necesarias para organizar o concurso. A duración do tratamento será a necesaria para o desenvolvemento da convocatoria ata a entrega de premios. Serán destruídos no prazo máximo dun mes dende a finalización do concurso, salvo que sigan sendo necesarios para a xestión dos premios

Os datos serán incorporados ao sistema de tratamento do Concello de Sada e, segundo as condicións reguladas legalmente, vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade, oposición e limitación do tratamento. Os datos non serán obxecto de decisións automatizadas nin serán compartidos con terceiras entidades, nos termos que se establecen na lexislación vixente en materia de protección de datos.

Para realizar consultas relacionadas coa xestión dos datos, as persoas interesadas poden dirixir a súa petición ao enderezo postal Avd. da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña) ou ben facelo a través do enderezo electrónico [dpd@sada.gal](mailto:dpd@sada.gal).

## 10. CONFORMIDADE

Todas/os participantes, polo feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

### NOTA:

A organización realizará unha cobertura fotográfica dos diferentes momentos do desfile e do concurso de disfraces. As/os participantes, mediante a súa inscrición, consentirán na cesión da súa imaxe para as fotografías que se realizarán durante a celebración do concurso. As fotografías serán utilizadas pola Concellería de Cultura e Normalización Lingüística con fins divulgativos e para a promoción das súas actividades nos seus perfís sociais e páxina web oficiais.

## 11. ÓRGANO COMPETENTE

O órgano competente para aprobar e resolver o procedemento será a alcaldía, mentres que a instrución e tramitación derivadas das presentes bases serán competencia da área de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte.»

---

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.